

# IDENTIDADES NEGADAS. INFANCIAS E HORIZONTE SOCIAL GALEGO NO ABRENTE DO SÉCULO XX

MARÍA EUGENIA BOLAÑO AMIGO\*

**Resumo:** *Mediante o proceso de realización da tese de doutoramento Representacións textuais e icónicas da infancia, da primeira adolescencia e da súa educación en revistas culturais e en prensa gráfica galega (Galiza, Bos Aires e A Habana) e madrileña: 1915-1936. Entre o Naturalismo, a Socialización e a Distinción Social, dirixida polo Dr. Antón Costa Rico e pola Dra. María del Mar del Pozo Andrés, podemos analizar as diversas representacións da infancia e da súa educación que se trasladan en diversos medios de comunicación que, alén de suscitar estados de opinión, xeraron representacións de presente e de futuro social. Tomando a devandita investigación como punto de partida, pretendemos realizar unha achega ás representacións da infancia e da súa educación que, na prensa galega analizada, se proxectan en relación ás cuestións identitarias ligadas ás construcións de xénero, de clase social e de nación.*

**Palabras clave:** *Identities; Infancia; Galiza; Representacións.*

**Abstract:** *Through the process of carrying out the doctoral thesis Representacións textuais e icónicas da infancia, da primeira adolescencia e da súa educación en revistas culturais e en prensa gráfica galega (Galiza, Bos Aires e A Habana) e madrileña: 1915-1936. Entre o Naturalismo, a Socialización e a Distinción Social, directed by Dr. Antón Costa Rico and Dr. María del Mar del Pozo Andrés, we have been able to analyse the various representations of childhood and their education that are transferred in various media that, in addition to provoking states of opinion, have generated representations of present and social future. Taking this research as a starting point, we intend to make a contribution to the representations of children and their education that, in the analysed Galician press, are projected in relation to the identity issues related to gender, social class and nation constructions.*

**Keywords:** *Identities; Childhood; Galicia; Representations.*

## INTRODUCCIÓN

O estudo da infancia e das súas representacións constitúe un ámbito de interese ascendente desde que Philippe Ariès priorizou o estudo das mesmas a través dos seus traballos, proxectados desde a perspectiva da denominada historia das mentalidades e da historia da vida privada. Estudar ditas representacións e as súas incidencias tanto nos suxeitos representados como nas propias sociedades que representan foi e continúa a ser unha temática de estudo relevante.

Con todo, malia que os historiadores «se dedicaron tradicionalmente a explicar a continuidade e o cambio no transcurso do tempo, coa conciencia de que desde Platón a infancia é unha das chaves para iso»<sup>1</sup>, pode detectarse unha tradicional ausencia de

---

\* Universidade de Santiago de Compostela. Email: mariaeugenia.bolano@usc.es.

<sup>1</sup> DEMAUSE, 1994: 16.

estudos sobre os suxeitos infantís. Esta ausencia foi en ocasións atribuída á escaseza de fontes; nesta liña cita DeMause<sup>2</sup> as preguntas que Peter Laslett se fai no seu texto do 1965 *The world we have Lost* sobre os «silencios» das testemuñas da infancia e da adolescencia, así como a pesimista afirmación de James Bossard<sup>3</sup> sobre as dificultades para escribir a historia da infancia debida á escaseza de datos históricos sobre a mesma<sup>4</sup>.

Deste modo, cando se atendía ao perfil do suxeito infantil nas «historias tradicionais» este «aparecía esvaecido e lonxe dos intereses e das preguntas que a pedagogía e a psicoloxía se formulan na actualidade»<sup>5</sup>; o que, porén, non impediu que se aludise en diversos textos á figura do neno ao que había que «disciplinar e domesticar». Falábase entón dun «neno ideal», un «neno exemplar e dócil» modelado pola sociedade adulta ao seu antollo. Estes textos-manuais eran reflexo dos valores que inspiraban os modos de educación establecidos; así, os suxeitos infantís, a pesar de estar paulatinamente presentes nos estudos e traballos procedentes das máis diversas áreas científicas durante o século XIX, estiveron practicamente ausentes na historiografía aínda durante as primeiras décadas do século XX, ben na historiografía positivista, como mesmo na historiografía dos *Annales*, sendo só a partir dos pasados anos 60 cando o seu estudo comezou a abordarse dun modo sistemático<sup>6</sup>, en coincidencia coa renovación dos obxectos de estudo histórico, tal e como Caspard<sup>7</sup> valorou. Ademais, pode detectarse no decurso historiográfico, segundo sinala Sanchidrián Blanco<sup>8</sup>, que ata os últimos anos estes estudos centraron a súa atención máis na infancia que na adolescencia.

Coa realización da tese de doutoramento *Representacións textuais e icónicas da infancia, da primeira adolescencia e da súa educación en revistas culturais e en prensa gráfica galega (Galiza, Bos Aires e A Habana) e madrileña: 1915-1936. Entre o Naturalismo, a Socialización e a Distinción Social*<sup>9</sup>, dirixida polo Dr. Antón Costa Rico (Universidade de Santiago de Compostela) e pola Dra. María del Mar del Pozo Andrés (Universidad de Alcalá de Henares), analizamos as diversas representacións da infancia e da súa educación que se trasladan en diversos medios de comunicación que, alén de suscitar estados de

<sup>2</sup> No traballo que coordina desde a esfera da psicanálise aplicada, no marco da Association for Applied Psychoanalysis e centrado no estudo da Historia da Infancia a partir das relacións paternofiliais, consideradas como a base da personalidade adulta.

<sup>3</sup> BOSSARD, 1948.

<sup>4</sup> A afondar nesta cuestión destinamos: BOLAÑO AMIGO, 2017a.

<sup>5</sup> DELGADO CRIADO, 1998: 11.

<sup>6</sup> BAJO ÁLVAREZ, BETRÁN MOYA, 1998.

<sup>7</sup> Pierre Caspard aborda no seu texto do ano 2001 sobre a infancia, a adolescencia e a xuventude, a importancia de definir dun modo concreto os distintos rangos de idades, dunha «economía política das idades» desde a época moderna (CASPARD, 2001).

<sup>8</sup> Podemos destacar como traballos de revisión historiográfica que consideramos de referencia no contexto español sobre a historia da infancia e a historia da educación infantil, os elaborados por Sanchidrián Blanco (SANCHIDRIÁN BLANCO, 2010); os máis recentemente publicados de Dávila Balsera & Naya Garmendia (DÁVILA BALSERA, NAYA GARMENDIA, 2015), que se deteñen nos novos enfoques sobre a infancia na historiografía educativa no último decenio; entre outros textos de interese recollidos en COLMENAR ORZAES, RABAZAS ROMERO, *coords.*, 2015.

<sup>9</sup> BOLAÑO AMIGO, 2017b.

opinión, xeraron representacións de presente e de futuro social, permitíndonos indagar no mellor coñecemento dos proxectos sociais e culturais da época.

Tomando a citada investigación como punto de partida, este artigo emerxe fundamentalmente das conversas e inquedanzas compartidas no *VIII Encontro Ibérico de Historia da Educación*, celebrado en Lugo no ano 2016, e no *IX Encontro Ibérico de História da Educação*, que tivo lugar en Braga no 2019, entre outros múltiples foros que resultaron espazos de frutífero diálogo, de debate e de intercambio de experiencias que contribuíron a enriquecer o noso traballo. Pretendemos aquí, en particular, reflexionar arredor das representacións da infancia e da súa educación que, na prensa galega analizada (centrándonos particularmente naqueles órganos da Galiza da emigración a América que tomamos como mostra), se proxectan en relación ás cuestións identitarias ligadas ás construcións de xénero, de clase social e de nación.

## 1. PRENSA E HORIZONTE SOCIAL GALEGO NO ABRENTE DO SÉCULO XX

A prensa e, particularmente, as revistas gráficas e culturais logran ampliar o seu campo de divulgación e influencia a comezos do século XX, consolidándose entón como ágoras emblemáticas da vida moderna no espazo cultural europeo. As diversas publicacións periódicas que xermolan neste tempo afirmáronse como medios de difusión da produción intelectual e de creación de opinión pública, sobre todo entre os sectores burgueses. Ditos medios de comunicación contribuíron a crear estados de opinión, permitiron ampliar o coñecemento das realidades internacionais, xeraron imaxes de presente e de futuro social, expandiron tendencias ideolóxicas e culturais, e facilitaron un mellor coñecemento dos proxectos sociais e culturais da época.

Os voceiros, configurados a partir de multiplicidade de textos e de imaxes, transmitían visións das realidades existentes e desexadas, tamén da infancia e da súa educación, perfilando horizontes para a sociedade a través das súas páxinas. Así acontece no caso galego, onde a prensa escrita por galegos e galegas na emigración de ultramar e a prensa da Galiza territorial adquirirán unha maior relevancia a partir dos anos vinte do pasado século, posibilitando o «achegamento entre as dúas *Galizas*» do que falou, entre outros, Xosé Neira Vilas<sup>10</sup>.

Entre a prensa editada neste tempo na «Galiza de alén mar», despunta o semanario «Céltiga» (Bos Aires) por resultar, do conxunto de publicacións galegas que se divulgaron por territorios arxentinos e cubanos durante o primeiro terzo do século XX, a máis destacada debido á súa coidada calidade e recoñecida importancia no desenvolvemento do galeguismo e do entón incipiente nacionalismo galego; e a publicación «Eco de Galicia» (A Habana), por ter gozado dunha notábel estabilidade e perdurabilidade no tempo.

---

<sup>10</sup> NEIRA VILAS, 1985.

Ambas constitúen cabeceiras de singular relevancia debido á súa grande acollida e repercusión entre as comunidades emigradas e, igualmente, resultan representativas dos contextos americanos configurados como núcleos de maior presenza de galegos e galegas.

Entre a mostra coa que traballamos na tese de doutoramento, centrarémonos aquí nos resultados derivados da revisión e análise cualitativa de contido dos 182 números editados entre 1924 e 1932 por «Céltiga» (que constitúen unha totalidade de 6382 páxinas), e dos 223 números publicados entre 1917 e 1936 por «Eco de Galicia» (8431 páxinas en total). Esta ampla mostra permítenos indagar nas proxeccións dos segmentos sociais que reflicten o seu imaxinario social nestes medios, aproximándonos ao mellor coñecemento da Galiza imaxinada e, polo tanto, das realidades vividas e desexadas para o porvir galego, representadas tamén nas visións da infancia e da súa educación que prevalecen.

## 2. INFANCIA, EDUCACIÓN E IDENTIDADES EN «CÉLTIGA» E «ECO DE GALICIA»<sup>11</sup>

### 2.1. Infancia, educación e identidades en «Céltiga»

A infancia e a súa educación aparecen representadas en «Céltiga» a través dun amplo conxunto de textos, fotografías, viñetas, debuxos, ilustracións e gravados. A través da publicidade e, igualmente, nas crónicas e novas, nenas e nenos (estes últimos con maior presenza)<sup>12</sup> son retratadas/os desde un mundo adulto que mostra interese por outorgarlles un rol protagonista; cuestión que pode apreciarse en boa medida nas seccións *Páxinas infantiles* ou *Pequeños tiranos*. Nenos e nenas adquiren na revista ilustrada unha relevante presenza, malia que cuantitativamente ocupen un espazo reducido —correspondente ao 5,53% das páxinas analizadas—. Neste sentido, valoramos que existe en «Céltiga» o interese de dotar de visibilidade á infancia e á súa educación debido, en parte, ás implicacións que isto pode supor para o aínda entón incipiente proxecto político nacionalista galego que (con diversos matices) subxace ás páxinas da revista.

Así, é reiterativa a idea de infancia como «semente» do porvir da «nazón galega», erixíndose como «xermolo do futuro» sobre o que depositar «as espranzas do porvir» [*sic*]; de modo que os desexos de cambio sociopolítico tenden a confiarse a unha educación que

<sup>11</sup> Os epígrafes que seguen constrúense a partir das achegas que desenvolvemos en BOLAÑO AMIGO, 2019.

<sup>12</sup> A presenza de representacións masculinas é substancialmente superior á correspondente co xénero feminino e, neste caso, aludimos non só á prevalencia da figura do home fronte á muller, senón tamén á maior presenza de metáforas que empregan a masculinidade asociándoa a rangos de superioridade, fronte á feminización daqueles aspectos aos que se confiren roles de subordinación. A estas expresións do patriarcado, engádense cuestións de clase social e de territorio, sobrepondo, en todo caso, a tríade «masculino-clase alta-urbano (vida pública)» á conxugación «feminino-clase baixa-rural (vida privada)» que, precisamente, é coa que tende a personificarse Galiza. Compartimos, pois, os argumentos de Helena Miguélez-Carballeira cando afirma a prevalencia dunha «estratexia pola cal se feminiza aquilo que se pretende desvalorizar» (MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, 2014: 20); afirmacións que entroncan coas teses de Janet Sorensen ao recoñecer a centralidade das cuestións de xénero nos xogos de poder imperialistas, así como cos traballos de Carmen Blanco ou de María Xosé Queizán, entre outras.

parte do coñecemento do propio, ligada á contorna rural de orixe. Os nenos e as nenas aparecen retratados/as en «Céltiga» como «suprema esperanza da Patria galega [sic]», polo que a súa educación é fundamental e a escola xoga un papel crucial para o «progreso» desexado. Tanto a través de imaxes como de textos aprécianse escenas de tipo costumista que representan a vida no rural da terra de orixe, trasladando certa nostalxia. Podemos sinalar que estas representacións da infancia e da súa educación en «Céltiga» entroncan, cando menos parcialmente, coas reflectidas a través do pequeno libro editado por vez primeira en 1925, *Os nenos*<sup>13</sup>, de Filgueira Valverde.

Son múltiples os textos que desenvolven críticas da escola presente (que podemos comprender nas súas dimensións «prescrita, real e vivida», se atendemos ás nocións referidas polo historiador Antonio Viñao<sup>14</sup>) acompañadas dos esbozos dunha escola que, máis que desexada e soñada é reivindicada como necesidade para o «progreso social» e o «desenvolvemento cultural»<sup>15</sup>. Nas páxinas da publicación ilustrada ponse en valor a importancia dunha «educación moral» que procure «espertar a humanidade» das persoas; non obstante, a medida que os números avanzan, percíbese unha maior focalización na idea de educación para o futuro da «Suprema Patria Galega».

Existe en «Céltiga» unha sección especificamente destinada ás cuestións pedagóxicas que responde á denominación *Apuntes Pedagóxicos*; aínda que tamén, a través das *Páxinas Infantiles*, abórdanse aspectos ligados á educación. En ambas seccións asúmese que a educación moral é fundamental, ao asumir que «la moral es la base de la familia, la unión de la sociedad, el bienestar de los pueblos. La educación moral concierne a la voluntad y a la forma de someterla a las reglas del deber. La supremacía de esta potencia entre todas las humanas manifiesta la de esta educación sobre la del cuerpo y la del entendimiento»<sup>16</sup> [sic].

Agárdase do proceso educativo que «ensine» ao neno a «ser bo», desenvolvendo nel certas potencialidades estimábeis para cando sexa adulto como: «actividad, franqueza y sinceridad, discreción, benevolencia, urbanidad y obediencia. Y debemos hacer lo posible por combatir el egoísmo del que emanan la sensualidad, el interés y la avaricia, la envidia y la pereza; y en el niño, la presunción, el orgullo, vanidad, cólera, dureza y crueldad, obstinación y terquedad y la mentira»<sup>17</sup> [sic]; e que tanto a escola como «o mestre» potencien nel as calidades necesarias para favorecer o «progreso» de Galiza.

<sup>13</sup> O libro aparece, ademais, reiteradamente na publicidade da revista desde o ano da súa publicación, e a el alúdese explicitamente nalgúns textos, porque se asume que representa a «os verdadeiros nenos galegos», que «se rien de los papás que no dejan a sus niños hablar en gallego, ni siquiera decir “funcho”» (sic; CRITIAS, 1926: 22).

<sup>14</sup> VIÑAO FRAGO, 2008.

<sup>15</sup> Non nos centraremos aquí nos aspectos especificamente relacionados coas representacións da escola e dos espazos escolares, que abordamos xa en traballos previos como BOLAÑO AMIGO, 2016.

<sup>16</sup> GUIXÉ, 1925: 32.

<sup>17</sup> GUIXÉ, 1925: 32.

Con todo, son moitos os silencios que se trasladan a través das páxinas da publicación con respecto ás representacións que nos ocupan aquí; e pode apreciarse que, co paso dos anos de edición da revista, este baleiro aumenta constatablemente<sup>18</sup>.

## 2.2. Infancia, educación e identidades en «Eco de Galicia»

A infancia e a súa educación adoitan aparecer representadas nas abondosas páxinas de «Eco de Galicia» a través de artigos, contos, poesías, crónicas, noticias informativas, ilustracións e viñetas cómicas; mais a súa voz procede sempre da persoa adulta<sup>19</sup>. Un adulto que observa a infancia desde a nostalgia (a través do recordo de vivencias propias da idade infantil), desde o parentesco e a vinculación familiar (fundamentalmente apelando ao vínculo materno-filial); e/ou desde a proxección á desexábel sociedade futura. Así, a infancia no só aparece retratada ou relatada como suxeito infantil, senón tamén como recordo e como proxecto de futura persoa adulta na que se confían esperanzas para camiñar cara un porvir mellor.

Tras a análise cualitativa de contido dos números da revista galega de Cuba, detectamos que as imaxes predominantes que xiran en torno á infancia neste medio son aquelas que conciben aos nenos e, en menor medida, ás nenas, como seres inocentes e dependentes, susceptíbeis de protección e de corrección; como anhelo e mitificación ancorados na memoria dun pasado feliz (idílico e idealizado, no lugar de orixe); así como suxeitos en proceso de «perfeccionamento» e «modelado» de cara ao futuro estimado. Todas estas representacións atópanse atravesadas por nocións de identidade nacional, de xénero e de clase social. Así, as representacións da infancia e da súa educación ocupan un notábel lugar en «Eco de Galicia», se ben a súa presenza nas páxinas da publicación se restrinxe ao 5% da totalidade de imaxes e textos extraídos<sup>20</sup>.

A cuestión da emigración aparece reiteradamente nas páxinas da revista abordada como unha problemática social a combater, fundamentalmente debido ás consecuencias que para o futuro da colectividade galega pode derivarse da diáspora. Exprésao así o cronista, inicialmente anarquista, Julio Camba nun artigo da publicación: «La emigración es un bien, y esto es lo malo. También es un bien salir de presidio; pero sería mucho mejor no haber entrado en él»<sup>21</sup> [*sic*]. Neste sentido, a realidade dos nenos e nenas

<sup>18</sup> É entre 1924 (inicio da publicación) e 1927 cando se aprecia un maior número de imaxes e textos destinados á representación da infancia e da súa educación, aspecto que parece estar ligado á presenza da figura do progresista e masón Adolfo Vázquez Gómez na Redacción de «Céltiga», despois ausente do proxecto. Obsérvase tamén que o notábel descenso de representacións se ve acentuado en 1932, en boa medida xustificando pola desaparición da revista nese mesmo ano.

<sup>19</sup> Tanto a través das imaxes como dos textos, os suxeitos infantís representados adoitan ser nenos, as nenas na revista aparecen representadas en menor medida e asumindo roles de maior dependencia e submisión ás persoas adultas.

<sup>20</sup> En atención á variabilidade da presenza das representacións que estudamos con respecto aos diversos anos nos que se publicou «Eco de Galicia», destaca o lugar que estas ocupan, principalmente, no ano 1918, decrecendo logo (con certas variacións) no devir do tempo. Obsérvase certo despunte das representacións estudadas entre os anos 1922 e 1924, se ben moito menor que no segundo ano da publicación.

<sup>21</sup> CAMBA, 1920: 14.

que se ven abocados a vivir a emigración (ben sexa en primeira ou en terceira persoa, pois en moitas ocasións padecían a emigración dos seus familiares máis achegados) é tratada con sensibilidade e preocupación, afondando na perda que supón para a «patria galega» o feito de favorecer a emigración a América. Desde o semanario faise, pois, un chamamento principalmente ás nais, ás familias e ao «pobo galego» en xeral, para loitar pola protección deses «seres débiles»<sup>22</sup>. De modo xenérico, podemos afirmar que todos os textos que aluden á cuestión migratoria en «Eco de Galicia» son presentados de forma emotiva, con pretensión de espertar a sensibilidade do lector.

A educación e a escola son percibidas como aspectos fundamentais para combater o éxodo en «Eco de Galicia» (ao brindar a «instrución» necesaria para evitar que os nenos galegos emigren) e eríxense nas súas páxinas tal que elementos necesarios para deseñar o porvir que procura o colectivo social. Deste modo, retrátase á escola como «la salvación de una Galicia sumida en el analfabetismo»<sup>23</sup> [sic]. Valórase, ademais, que a escola é «patriótica e esencial» polo que require «atención preferente por parte de los Gobiernos ya que es, sin duda, la Institución más importante y de más influencia en el orden social de los pueblos»<sup>24</sup> [sic]. Baixo estes preceptos, os espazos escolares adquiren unha singular notoriedade na revista.

## CONCLUSIÓNS

Os textos e imaxes que analizamos a través da prensa e que atenden á infancia e á súa educación, trasladan nocións de xénero, de clase social e de nación que inciden na construción da noción da infancia e da súa educación; por ende, tamén no que se agarda para a sociedade que se desexa. Entre as representacións analizadas observamos como a propia imaxe de Galiza e mesmo a conceptualización de *Patria galega* tende a personificarse como muller-nena, rural<sup>25</sup> e de clase social baixa (subsumindo, polo tanto, a un dobre proceso de feminización e infantilización que se conxuga coa súa estereotipación baixo un modelo de determinado de clase social e de contexto); e, igualmente, como se depositan na infancia (representada maioritariamente baixo os valores da inocencia e da dependencia) as expectativas de desenvolvemento futuro de Galiza ou incluso como se olla cara esa mesma infancia con nostalgia e con desexo de protección (poñendo a énfase no tempo pasado).

<sup>22</sup> Mercedes Vieito Bouza in «Eco de Galicia», 12 maio 1918: 3.

<sup>23</sup> PACÍN, 1922: 12.

<sup>24</sup> «Eco de Galicia», 4 abr. 1920: 10.

<sup>25</sup> Cómpre lembrar que neste tempo prevalece, tamén na prensa que analizamos, unha idea de «progreso» e de «modernización» que se constrúe maioritariamente ollando cara as urbes, concibindo entón desprezativamente o rural como signo de «atraso» e «pobreza».



Se interpretamos estas representacións baixo a luz da crítica poscolonial<sup>26</sup>, apreciamos como se trazan, en conxunto, diversos tópicos que inciden na construción dunha imaxe subalternizada e inmovilista que entroncan co tropo do «sentimentalismo galego» arredor do que reflexiona Miguélez-Carballeira con respecto á literatura galega e que cobraría tamén sentido no caso da prensa analizada. Nesta liña, asumimos que os tópicos que apreciamos se deseñan e configuran interseccionalmente<sup>27</sup>, de modo que as diversas relacións de poder e opresións (de xénero, de clase social ou de identidade nacional, entre outras) acaban por retroalimentarse e construírse simbioticamente.

Así, atopamos na prensa galega da emigración de inicios do século XX un abano de representacións que conxugan modelos pedagóxicos e de infancia con representacións identitarias nacionais, de xénero e de clase social, construíndo unha retórica que semella traspasar non só o tecido da prensa analizada, senón a propia historia política e cultural, trasladando unha imaxe de Galiza como nena que precisa ser coidada e protexida, mais que non ten voz propia; e igualmente, construíndo modelos de educación e de infancias galegas subalternizados, negando ou limitando o desenvolvemento de «identidades» non hexemónicas.

## BIBLIOGRAFÍA

- BAJO ÁLVAREZ, Fe; BETRÁN MOYA, José L. (1998). *Breve historia de la infancia*. Madrid: Temas de Hoy.
- BOLAÑO AMIGO, María Eugenia (2016). *Representaciones de los espacios escolares a través de la prensa gallega de la emigración: Eco de Galicia (1917-1936) y Céltiga (1924-1932)*. In DÁVILA BALSERA, Paulí; NAYA GARMENDIA, Luis M., coords. *Espacios y patrimonio histórico-educativo*. Donostia: EREIN, pp. 775-794.
- BOLAÑO AMIGO, María Eugenia (2017a). *O estudo da infancia e da adolescencia desde a perspectiva histórico-educativa. Perfís posibles para a investigación actual*. «Innovación Educativa». 27, 235-253.
- BOLAÑO AMIGO, María Eugenia (2017b). *Representacións textuais e icónicas da infancia, da primeira adolescencia e da súa educación en revistas culturais e en prensa gráfica galega (Galiza, Bos Aires e A Habana) e madrileña: 1915-1936. Entre o Naturalismo, a Socialización e a Distinción Social*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela: Facultade de Ciencias da Educación. Tese de doutoramento.
- BOLAÑO AMIGO, María Eugenia (2019). *Identidade, educación, xénero e nación. A Galiza imaxinada a través da prensa galega da emigración (1915-1936)*. In CID FERNÁNDEZ, Xosé Manuel; CARRERA FERNÁNDEZ, María Victoria, coords. *XX Coloquio Historia de la Educación. Identidades, internacionalismo, pacifismo y educación (siglos XIX y XX)*. Ourense: Sociedad Española de Historia de la Educación, pp. 81-99.

<sup>26</sup> Fundamentalmente tomando en consideración o concepto de *orientalismo* desenvolvido por Edward Said (nas súas obras *Cultura e imperialismo* e *Orientalismo*), segundo o cal «o outro» (o que se quere colonizar) é pretendidamente «reducido» ao ser representado a través dunha constante retórica que minimiza a súa entidade e valor cultural e político, ao tempo que lexítima o seu sometemento e as accións imperialistas que inciden nesta cuestión; ou, aínda, a noción de *ambivalencia* que, entre outras, teoriza Homi Bhabha, ao afirmar que os procesos de estereotipación colonial superan o binarismo dende o momento no que a propia cultura «colonizada» ou subalternizada aprende a desenvolverse baixo a retórica creada para a perpetuación do seu propio sometemento por parte das elites.

<sup>27</sup> Apelamos con esta referencia á conceptualización de *interseccionalidade* desenvolvida dende as teorías feministas por Kimberlé Crenshaw a partir de 1989.



- BOSSARD, James (1948). *The Sociology of Child Development*. New York: Harper.
- CAMBA, Julio (1920). *La emigración es un bien*. «Eco de Galicia». 115 (21 mar. 1920) 14.
- CASPARD, Pierre (2001). *La infancia, la adolescencia, la juventud. Para una economía política de las edades desde la época moderna*. In MARTÍNEZ MOCTEZUMA, Lucía, coord. *La infancia y la cultura escrita*. México: Siglo XXI, pp. 77-101.
- COLMENAR ORZAES, Carmen; RABAZAS ROMERO, Teresa, coords. (2015). *Memoria de la educación: el legado pedagógico de Julio Ruiz Berrio*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- CRITIAS (1926). *A propósito de «Os nenos» de Filgueira Valverde*. «Céltiga». 33 (10 mai. 1926) 22.
- DÁVILA BALSERA, Paulí; NAYA GARMENDIA, Luis M. (2015). *Nuevos enfoques sobre la infancia en la historiografía educativa en el último decenio*. In COLMENAR ORZAES, María del Carmen; RABAZAS ROMERO, Teresa, coords. *Memoria de la educación: el legado pedagógico de Julio Ruiz Berrio*. Madrid: Biblioteca Nueva, pp. 217-236.
- DELGADO CRIADO, Buenaventura (1998). *Historia de la infancia*. Barcelona: Ariel Educación.
- DEMAUSE, Lloyd (1994). *Historia de la infancia*. Madrid: Alianza Universidad.
- «Eco de Galicia». 45 (12 maio 1918) 3.
- «Eco de Galicia». 116 (4 abr. 1920) 10.
- GUIXÉ, José (1925). *Apuntes Pedagógicos*. «Céltiga». 13 (10 xul. 1925) 32.
- MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena (2014). *Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua.
- NEIRA VILAS, Xosé (1985). *A prensa galega en Cuba*. Sada: Edición do Castro.
- PACÍN, José (1922). *La Escuela como salvación de Galicia*. «Eco de Galicia». 178 (5 nov. 1922) 12.
- SANCHIDRIÁN BLANCO, Carmen (2010). *Historia y perspectiva actual de la educación infantil*. In GUERENÑA, Jean-Louis; RUIZ BERRIO, Julio; TIANA FERRER, Alejandro, eds. *Nuevas miradas historiográficas sobre la educación en la España de los siglos XIX y XX*. Barcelona: Graó, pp. 65-104.
- VIÑAO FRAGO, Antonio (2008). *Escolarización, edificios y espacios escolares*. «CEE Participación Educativa». 7, 16-27.

